

PLAN DIXITAL

CEIP MARÍA PITA

[Versión 1.0 _ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro.
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro.
- 1.3. Breve xustificación do mesmo.
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais.
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO.
- 2.3. Análise DAFO.

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións.
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas.

4. Avaliación do PD

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: Colexio de Educación Infantil e Primaria “María Pita”.
 Titularidade: Público. Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Enderezo: Ronda Camilo José Cela, 2A.
 Código Postal: 15008. A Coruña.

Tfn: 981 292 235

Web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmariapita/>

Mail: ceip.maria.pita@edu.xunta.es

Equipo Directivo:

Director: Gutier Pardo Costa

Xefa de Estudos: Susana Naveira Freire

Secretaria: M^a José Fernández Mahía

A estrutura de persoal docente do CEIP María Pita é a seguinte:

Unidades			Postos de traballo										
EI	EP	Total	EI	EP	EF	EM	FI	FF	PT	AL	DO	REL	Total
6	16	22	8	15	2	2	3	1	2	2	1	2	38

O claustro docente do colexio neste curso consta cun total de 38 mestres/as, cunha presenza importante de persoal en situación de provisionalidade, feito que se ven repetindo nos últimos anos:

	Definitivos/as	Provisionais	Total
Educación Infantil	5 + 2 apoios	1	8
Educación Primaria	12	3	15
Orientación	1		1
Pedagogía Terapéutica	1	1	2
Audición e Linguaxe		2	2
Inglés	2	1	3
Francés	1		1
Educación Física	2		2
Educación Musical	1	1	2
Relixión Católica	1	1 Itinerante	2
Programa Arco		1	1
Programa Proa+		1	1

No presente curso académico 2021-2022 o colexio ten unha matrícula de 487 alumnos/as.

A maioría do alumnado promociona con avaliación positiva e os resultados obtidos nas probas de avaliación individualizada sitúan ao centro na media dos centros do grupo ao que pertence. Se ben cómpre destacar diferentes factores que están a complicar e interromper as traxectorias de ensino-aprendizaxe deseñadas polo profesorado entre as que destacan especialmente:

- Incorporacións e baixas motivadas por traslados laborais ou outros motivos, co prazo formal de matrícula pechado e comezado xa o curso académico.
- Alumnado que por características sociais e psicolóxicas precisan atención complementaria por parte do profesorado especializado ou distintas modalidades de xestión para atendelos (apoios, desdobres, etc.). Segundo os datos suporía o 25% do alumnado.
- Aulas habilitadas en anos puntuais por matriculación por riba do cadro de persoal definitivo do centro (situación especialmente significativa que se reflicte no cadro de persoal e que explicaría a grande porcentaxe de profesorado provisional no centro por esta situación).
- Ratios elevadas nalgunhas aulas, algunhas cunha situación excepcional por riba da ratio. Ademais cómpre destacar que existe un numeroso

grupo de alumnado que demanda os servizos ofertados, xestionados pola Anpa, tales como comedor escolar, madrugadores e actividades extraescolares. A día de hoxe a demanda destes servizos comeza a superar amplamente os recursos e as instalacións das que dispón o centro.

- Existe un número importante de alumnado transportado, dispoñendo o centro de tres liñas de transporte que abranguen un amplo espazo da cidade. Isto implica unha dispoñibilidade e organización cotiá de recursos do persoal docente para a súa custodia e acompañamento.

O alumnado matriculado no centro este curso 2021 – 2022 é o seguinte:

Educación Infantil	A	B	Total
4º	21	21	42
5º	24	24	48
6º	24	23	47
			137

Educación Primaria	A	B	C	Total
1º	21	20	20	61
2º	18	18	18	54
3º	25	24		49
4º	20	19	9	58
5º	25	25		50
6º	26	26	26	78
				350

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEIP María Pita localízase no contexto de tres grandes barrios de referencia da cidade: Monelos, Elviña e Barrio das Flores. Presenta unha grande zona de influencia na que ademais dos citados, acoden ao centro nenos e nenas dos barrios de Matogrande, Eirís, Pedralonga, Palavea, Os Castros, A Palloza, Sardiñeira e mesmo a Ponte Pasaxe, Mesoiro e Novo Mesoiro.

As familias que compoñen a contorna do colexio e o propio alumnado pertencen a niveis sociais moi variados. Pódese facer unha xeneralización establecendo que na súa maioría sitúanse nun nivel medio, pero debido aos cambios socioeconómicos acontecidos nos últimos anos resulta difícil establecer un criterio claro, mais pódese afirmar de forma clara o incremento de situacións sociais e económicas de risco.

A contribución do Plan Dixital ó Proxecto Educativo, así como á vida diaria do centro, é clave para avanzar na modernización da linguaxe escolar dentro da comunidade, tanto educativa como social, no marco dun espazo de crecemento e enriquecemento para toda a contorna.

Tamén é salientable que dende o centro foméntase a formación do profesorado para a transición ós novos métodos de ensinanza ligados ós recursos TIC, enfocados tamén de cara a transformación do centro nunha escola adscrita ó Plan Edixgal de cara o curso 2023/2024.

Sen embargo, a historia e tradición do centro en materia de novas tecnoloxías, así como os programas de innovación TIC nos que participa, non é precisamente moi completa. O Plan Dixital axudará, sen dúbida, a reforzar a participación do profesorado neste tipo de proxectos e Plans que mellorarán a transición a un centro con metodoloxías dixitais consolidadas.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A contextualización reflexada no punto anterior, así como a súa importancia de cara a transformación do centro nun espazo de ensinanza e aprendizaxe moderno de cara á sociedade actual, atópase en consonancia co recollido no marco legal dos diferentes referencias legislativas vixentes, tanto no noso territorio como a nivel nacional para todo o país.

Así pois, facendo referencia os artigos que falan das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, a dotación de recursos ós centros e as competencias de dirección da *Ley Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132)*

No noso territorio, facemos referencia ó recollido na seguinte lexislación, onde atopamos de maneira expresa referencia ó Plan Dixital para o desenvolvemento das ensinanzas e a súa implementación no Proxecto Educativo.

- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

A elaboración deste Plan Dixital tivo lugar grazas á colaboración de todo o Equipo de Dinamización do Plan Dixital, coordinado polo especialista de Audición e Linguaxe Diego Carral Maseda, e grazas tamén á axuda do Equipo Directivo do centro.

Paralelamente á redacción este Plan, discorreu un PFPP que ó mesmo tempo servía como formación para o profesorado do centro precisamente nas estratexias de elaboración do Plan Dixital; para poder ter as ferramentas adecuadas para que o presente documento fose o máis veraz e completo posible.

O proceso de elaboración seguiu en todo momento as directrices marcadas polos asesores ADIX, destinados de maneira expresa á axuda ós centros para construír dito Plan. Este proceso comezou cubrindo o Informe SELFIE, o Test CDD, o DAFO do centro e finalizou co Plan de Acción xa no terceiro trimestre. Todos estes informes, desembocan na redacción do Plan Dixital aquí presentado.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro é resultado dunha construción do ano 1980, cunha configuración en forma de “U”, contando con planta baixa e dous niveis superiores. No interior a distribución dos espazos correspóndese cun corredor central e dependencias a ambos lados.

As infraestruturas do centro no plano dixital vense en gran medida condicionadas pola propia construción disposición do centro, elaborado con bloque, que limita moito as conexións sen fíos. Por este motivo, este ano foi una acción prioritaria o cableado de todo o centro con moitos máis repetidores inalámbricos para chegar a todos os puntos do centro.

O equipamento do centro é anticuado, con equipos moi vellos con una falta de velocidade e posibilidades para claustro e alumnado moi notorias, o que unido á falta de una aula de informática funcional e as limitacións COVID dos últimos anos, fixo que o centro se descolgase aínda máis, afondando nunha brecha dixital con outros centros da contorno e tamén coa realidade social que o rodea.

A nivel dos servizos dixitais, e como punto positivo, a situación COVID obrigou ó centro a preparar as aulas virtuais nun espazo de tempo moi reducido, o que en embargo resultou ser una experiencia moi positiva de colaboración entre profesorado e de aceptación por parte dos alumnos, e por iso ditas aulas virtuais seguen hoxe en día funcionando cun bo número de conexións e intercambio de tarefas formativas.

Tamén é continua a comunicación polas diferentes plataformas e espazos para a comunicación activa entre o centro e o resto da comunidade, como a uso da páxina web para anuncios, redes sociais e o uso do espazo Abalar pola meirande parte das familias.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

A seguinte táboa corresponde ós datos extraídos do Informe SELFIE, elaborado ó longo do primeiro trimestre do curso 2021/2022.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3.5				
	Profesorado	3				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.1				
	Profesorado	2.4				
	Alumnado	3.8				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2.7				
	Profesorado	2.6				
	Alumnado	3.1				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	3.3				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.2				
	Profesorado	3.8				
	Alumnado	2.9				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2.3				
	Profesorado	3.1				
	Alumnado					
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.1				
	Profesorado	2.6				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2.7				
	Profesorado	2.7				
	Alumnado	3.6				

Inclúese agora a información clave do test de Competencia Dixital Docente, o Test CDD, nas seguintes tres táboas., coa mesma numeración neste Plan que nos resultados do Test orixinal.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>15</u>	<u>26</u>	<u>57,7%</u>
PROVISIONAL	<u>8</u>	<u>9</u>	<u>88,9%</u>
INTERINO	<u>1</u>	<u>2</u>	<u>50%</u>
SUBSTITUTO	<u>0</u>	<u>3</u>	<u>0%</u>
DESPRAZADO	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100%</u>

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>70,4</u>	<u>Integrador/a (b1)</u>	<u>76,4</u>	<u>Integrador/a (b1)</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	<u>77,6</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>68,2</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>
PRI	<u>67,7</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>77</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	11	44%
B1	11	44%
B2	3	12%
C1		
C2		
TOTAL	25	100%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE e o Test CDD, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital, e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO		A dotación do centro é escasa, apenas existe un ordenador por aula e as pantallas de proxección son moi antigas, aínda que se están cambiando con fondos do centro. A visión é compartida por equipo directivo, profesores e tamén por parte do alumnado.
	PERSOAL DOCENTE		A idade de parte do profesorado, así como a súa motivación de cara ó dixital e a escasa formación en TICS, son unha clara debilidade do noso centro.
	PERSOAL NON DOCENTE	Ningunha a destacar	Ningunha a destacar
	ALUMNADO	Parte do alumnado está predisposto ó uso da tecnoloxía, incluso de maneira voluntaria, para a realización de tarefas e outras encomendas diarias. Neste aspecto, o alumno está máis pola labor do uso das tecnoloxías na escola que o profesorado.	
	FAMILIAS	A comunicación de boa parte das familias a través de medios dixitais (abalar, aula virtual, etc.) e fluída, e consideramos que existe predisposición pola súa parte ó uso destes canles e non supón unha problemática para a vida do centro.	
	OFERTA		A oferta do centro en formación en novas tecnoloxías ou adaptadas a unha nova metodoloxía de ensinanza é escasa. O contar con unha infraestrutura por debaixo do esperado, a oferta para os alumnos de contidos por esta vía limitase á iniciativa individual de cada docente, non coordinada en si dende o centro.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO		A organización do centro aínda se está transformando. O novo equipo directivo está traballando nesta vía, pero aínda é unha debilidade palpable na vida diaria do centro.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Nos últimos meses a administración está a dotar ó centro de diverso material e infraestrutura, como o cableado wifi estendido, novas pantallas dixitais, e tamén ordenadores que substitúen os vellos das aulas. A dirección é boa, pero a carencia aínda é grande para poder proporcionar unha oferta variada con fundamentación tecnolóxica	
	LEXISLACIÓN		A nivel lexislativo, ó non pertencer á rede EDIXGAL, existe maior incerteza no referente a partidas orzamentarias para centros como o noso. Isto considerámolo una ameaza que pode seguir abrindo a brecha dixital con outros centros da contorna.
	CONTORNA	A comunicación é fluída cos centros da contorna e co IES adscrito ó centro, polo que é unha oportunidade a explorar a implementación de estratexias dixitais de continuidade que partan dende á primaria á educación secundaria obrigatoria, co fin de establecer unhas boas prácticas e un nivel tecnolóxico salientable	
	ANPA		A ANPA realiza multitude de actividades extraescolares no centro, sen embargo non de contidos relacionados coa tecnoloxía.
	OUTRAS ENTIDADES	O CFR, entre outros, oferta multitude de formación no ámbito dixital a través de PFPP e outros tipos de programas formativos. É sen dúbida unha oportunidade que como centro debemos aproveitar, tendo en conta a boa relación existente co titor do CFR que asiste ó centro.	

3. Plan de Acción

O Plan de Acción parte do análise exhaustivo dos documentos reflexados no punto 2.2. e no propio DAFO.

Este Plan recolle aqueles ítems resultantes do propio DAFO, converténdoo en obxectivos alcanzables para cada curso escolar, tendo en conta os recursos materiais e humanos dispoñibles para poder alcanzalos.

Estes obxectivos, representan unha mellora na vida dixital e no uso dos recursos ó noso alcance para conseguir un centro educativo máis integrado nas estratexias dixitais que temos por diante nos vindeiros anos.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A elección dos obxectivos para o Plan de Acción axústase ás áreas de mellora que queremos abordar, todas en consonancia coas do marco DigCompOrg.

Cada un dos obxectivos propostos está recollido pola súa especificade para o noso centro, sempre respectando criterios que aseguren que sexan alcanzable, relevante, medible e axustado ó marco temporal proposto.

A continuación, recóllense as sete táboas correspondentes a cada un dos obxectivos que como centro formulamos para a súa incorporación no Plan Dixital.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

O centro necesita unha boa cantidade de infraestrutura para poder levar a cabo o Plan Dixital de maneira axeitada. Este equipamento pasa por varias necesidades básicas a cubrir coa maior celeridade posible:

- Concluir a eliminación dos antigos proxectores das aulas e substituílos por pantallas dixitais táctiles, proceso que xa comezou nas aulas de Educación Infantil.
- Renovación de equipos e dotación de infraestrutura (mesas, cableado, etc.) para poñer en marcha una aula de informática moderna e con posibilidades reais de aproveitamento por parte do claustro e do alumnado do centro.

- Renovación de racks de comunicación e de carga, así como de diversos equipos persoais móbiles, como tabletas dixitais e outros materiais necesarios para una implementación axeitada (auriculares, punteiros, memorias USB, etc)

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: LIDERADO (A)						
OBXECTIVO 1:	Promover o uso de ferramentas dixitais de cara a conversión a centro Edixgal.				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo				Non acadado	X
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Dotar a tódalas aulas de titoría de pantallas interactivas con acceso a internet.					
Valor de partida:	Centro non adscrito ó sistema EDIXGAL (0)					
Valor previsto e data:	Centro adscrito ó sistema EDIXGAL (10)			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A01.1: Promover a adaptación do centro ó uso de medios dixitais.	Equipo Directivo	30/06/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Pescuda de responsable Edixgal para a redacción do proxecto cara o curso 2023/2024.	Equipo Directivo	30/03/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Redacción do Proxecto Edixgal e asesoramento para a consolidación do uso de ferramentas dixitais.	Coordinador EDIXGAL	30/06/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: INFRAESTRUCTURA E EQUIPOS (C)						
OBXECTIVO 2:	Mellorar a dotación informática do centro.				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo				Non acadado	X
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Dotar a tódalas aulas de titoría de pantallas interactivas con acceso a internet.					
Valor de partida:	6 de 22 titorías xa dotadas.					
Valor previsto e data	22 de 22 titorías con dotación.			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A02.1: Xestionar a dotación da Consellería e a súa instalación nas diferentes aulas de titoría.	Equipo Directivo	30/06/2023	Pantallas dixitais e persoal instalador		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2:					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3:					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: INFRAESTRUCTURA E EQUIPOS (C)						
OBXECTIVO 3:	Creación dunha aula de “Novas tecnoloxías”.				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo e Equipo TICS.				Non acadado	X
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Cantidade de material subido á Aula Virtual.					
Valor de partida:	2 sobre 10. Existencia de material pero aula non creada.					
Valor previsto e data:	8 sobre 10. Aula creada aglutinando o material e en funcionamento.			30/05/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Realización dun inventario con todo o material de novas tecnoloxías existente no centro.	Equipo Directivo e Equipo TICS	30/10/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Mellorar a dotación mercando material ou mobiliario necesario.	Equipo Directivo e Equipo TICS	30/05/2023	Creación dun espazo físico específico para colocar a aula.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Posta en funcionamento da aula para o aproveitamento de todo o claustro.	Equipo Directivo e Equipo TICS	30/05/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO (D)						
OBXECTIVO 4:	Fomentar a colaboración entre o profesorado en contidos “TICS”.				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo e Equipo TICS.				Non acadado	X
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de experiencias de colaboración entre docentes.					
Valor de partida:	0 experiencias de colaboración.					
Valor previsto e data:	10 experiencias de colaboración.			30/05/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A04.1: Investigar experiencias de intercambio en metodoloxías dixitais dispoñibles na Rede.	Claustro e Equipo TICS	30/10/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.2: Organizar e coordinar intercambios de información e experiencia TICS entre o profesorado dos distintos niveis.	Claustro e Equipo TICS	30/03/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.3: Crear un ficheiro en liña sobre as colaboracións e intercambio de recursos para o seu uso en vindeiros cursos.	Claustro e Equipo TICS	30/05/2023	Creación dun espazo na Aula Virtual ou na web do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO (D)						
OBXECTIVO 5:	Fomentar a formación e renovación pedagóxica en TICS do profesorado do centro.				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo e Equipo TICS.				Non acadado	X
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de formacións en TICS ofertadas dende o centro.					
Valor de partida:	0 formacións ofertadas dende o centro.					
Valor previsto e data:	3 formacións ofertadas dende o centro.			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A05.1: Diseñar e planificar formacións dixitais básicas de renovación e novos contidos para o profesorado.	Equipo TICS	30/06/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.2: Ofertar as formacións en horario non lectivo para o profesorado interesado, tanto presenciais como en liña.	Equipo Directivo e Equipo TICS	30/12/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.3: Analizar os resultados obtidos das formacións e a liña a seguir para futuras ofertas formativas.	Equipo Directivo e Equipo TICS	30/05/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS (E)						
OBXECTIVO 6:	Crear contidos de reforzo na aula virtual para todo ó alumnado de Educación Primaria.				Acadado	
Responsable:	Persoal docente e Equipo TICS.				Non acadado	X
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Cantidade de material subido á Aula Virtual .					
Valor de partida:	3 sobre 10. Material específico de reforzo na Aula Virtual.					
Valor previsto e data:	8 sobre 10. Maior dispoñibilidade de material.			30/05/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A06.1: Creación e revisión de contidos enriquecedores de reforzo para subir á Aula Virtual.	Persoal docente das materias e Equipo TICS	30/03/2023	Creación dun espazo por curso na Aula Virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A06.2: Promoción de contidos por parte dos docentes e o Equipo TICS para incentivar ó alumnado.	Persoal docente das materias e Equipo TICS	30/05/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A06.3: Revisión do uso/descargas do material da Aula Virtual para cuantificar o seu impacto.	Equipo TICS	30/05/2023	Rúbrica para os obxectivos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS (E)						
OBXECTIVO 7:	Actualizar o “Recuncho Dixital” da biblioteca do centro.				Acadado	
Responsable:	Equipo de Bibliotecas e Equipo TICS.				Non acadado	X
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Cantidade de accesos ó recuncho ó longo do curso.					
Valor de partida:	2 sobre 10. Recuncho creado pero non actualizado.					
Valor previsto e data:	8 sobre 10. Recuncho actualizado e recibindo visitas.			30/05/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A07.1: Actualizar o Recuncho e proporcionar acceso a todo o claustro.	Equipo de Bibliotecas e Equipo TICS	30/10/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A07.2: Mellora dos contidos do Recuncho, organización dos mesmos e accesibilidade para docentes e alumnado.	Equipo de Bibliotecas e Equipo TICS	30/05/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A07.3:					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

Para levar a cabo a avaliación do Plan Dixital, terase en conta o propio desenvolvemento do mesmo, así como a consecución dos obxectivos establecidos, a través dunha avaliación procesual, e unha final.

Na avaliación procesual, que terá lugar a lo menos unha vez por trimestre, valoraranse os aspectos relacionados co estado nese momento das accións que se están a executar, así como o análise de resultados, se os houberse, e de ser o caso, propostas de mellora que permitan un reaxuste das accións para unha consecución dos obxectivos máis adecuada.

No contexto da avaliación final, realizarase como mínimo ó final de cada curso escolar. Do análise dos resultados das accións levadas a cabo durante todo o ano escolar, incluírase, de maneira detallada, o grado de consecución dos obxectivos, así como propostas de mellora de cara os seguintes cursos, de ser o caso.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital de centro será un pilar nas accións relacionadas coa vida diaria do centro, non soamente coas TIC, tal e como recollemos nos nosos obxectivos.

Por este motivo, a difusión do Plan entre o profesorado do noso centro, así como tamén entre outros docentes colaboradores ou externos ó centro, é primordial para poder acadar os obxectivos propostos de maneira relevante e útil para a dinámica de traballo que se quere conseguir no noso centro.

A maiores, a difusión de cara á contorna e tamén ó resto da comunidade educativa, e aspecto que se quere traballar para integrar tamén o plano social e comunitario na vida do centro e no mutuo desenvolvemento que supón.